CATÁLOGO DE ENTIDADES

MERCADO SOCIAL DE GALICIA

mercado Social

QUE É O MERCADO SOCIAL?

É unha rede de produción, distribución e consumo que funciona con criterios éticos, ecolóxicos e solidarios e con dinámicas transparentes e democráticas.

É un circuíto económico alternativo que defende os valores da economía social galega.

Fomenta o consumo dentro do circuíto.

Realiza feiras para ser máis accesible á sociedade.

QUE É A ECONOMÍA SOCIAL GALEGA?

Son negocios responsables que tentan xerar un impacto positivo na súa contorna e nos seus propios membros.

Réxense por principios de equidade, cooperación e ecofeminismo.

En Galicia, existe a Lei da Economía social 6/2016 do 4 de maio.

INICIATIVA DE REAS GALICIA

REAS Galicia é a rede galega da economía social, alternativa e solidaria. Ten como obxectivo impulsar e visibilizar un tecido de entidades que fomenten o respecto ás persoas e ao medio en todos os ámbitos (produción, comercialización, construción, servizos...).

Apoia o desenvolvemento de recursos financeiros éticos e solidarios, e pretende difundir e dar a coñecer a economía social na sociedade galega e aumentar nela a rede empresarial con estas características.

CONTACTA CON REAS GALICIA

reasgalicia@reasnet.com

http://www.economiasolidaria.org

7H S. COOP. GALEGA

COOPERATIVA CULTURAL

SOBRE NÓS

Tentando achegar os procesos de creación e a economía social á cidadanía, desenvolvemos e realizamos proxectos por toda Galicia, defendendo co noso traballo valores como a igualdade, a solidariedade e o compromiso social e coa contorna.

CULTURA, OCIO E TURISMO

CONTACTO

Enderezo: Romero Donallo, 45 - Praza do Ensanche - Local 76.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15701
Tel: 881978756 - 637894033 - 645551184
Correo: 7hcoop@7hcoop.gal

http://www.7hcoop.gal

BICO DE GRAO S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Cooperativa de traballo asociado. Venda retallista de produtos ecolóxicos a granel e envasados. Elaboración téxtil con materiais reciclados. Actividades sociocomunitarias. Ofrece alternativas sostibles en alimentación, limpeza, educación, enerxías limpas ou banca ética.

ALIMENTACIÓN, BEBIDAS E AGRICULTURA.

CONTACTO

Enderezo: Ronda das Fontiñas, 226, baixo.
Localidade: Lugo.
Provincia: Lugo.
CP: 27002
Tel: 982 807 935
Correo: bicodegrao@gmail.com

http://www.bicodegrao.gal

CATRO VENTOS EDITORA S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Editorial especializada na publicación en galego de libros relacionados coa ecoloxía, a economía social, o consumo responsable, os dereitos humanos e a educación alternativa. Servizos lingüísticos: tradución, revisión e edición de textos

CULTURA, OCIO E TURISMO.

CONTACTO

Enderezo: Rúa Ferrería, 27 - baixo.
Localidade: Vigo.
Provincia: Pontevedra.
CP: 36202
Tel: 699236846
Correo: comunicacion@catroventos.gal

http://catroventos.gal

CENTRO DE DESENVOLV. RURAL PORTAS ABERTAS

SOBRE NÓS

Entidade social sen ánimo de lucro que traballa polo medio rural e a súa poboación. Asociación non-gobernamental xurdida para levar a cabo un proceso integrado de desenvolvemento rural no interior de Galicia, en concreto na Comarca de Verín, en Ourense.

DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

CONTACTO

Enderezo: Xacinto Santiago, 23.
Localidade: Vilardevós.
Provincia: Ourense.
CP: 32616
Tel: 988417232
Correo: rural@cdrportasabertas.org

http://www.cdrportasabertas.org/

CESTOLA NA CACHOLA S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Propostas culturais centradas no muralismo, a pintura, a ilustración e a moda ética. Cestola Na Cachola nace coa crenza de que o modelo económico convencional ten que mudar e que o cambio virá dunha sociedade consciente e organizada.

CULTURA, OCIO E TURISMO.

CONTACTO

Dirección: Praciña de Belvís, 1, 1º.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15704
Tlf: 653477783
Correo: info@cestolanacachola.org

http://www.cestolanacachola.org

CIDADANÍA S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Cidadanía é unha cooperativa galega que desde 1999 traballa a prol da democracia participativa como centro do seu proxecto profesional. Facilitamos a participación activa da cidadanía nas políticas públicas, deseñando procesos de investigación, consultoría e formación.

CONSULTORÍA, PROXECTOS E INVESTIGACIÓN.

CONTACTO

Enderezo: Corredoira das Fraguas, 15, 1º-esquerda.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15703
Tel: 981589269
Correo: cidadania@cidadania.coop

http://cidadania.coop

árbore

cooperativa consumo consciente

CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Somos unha cooperativa de socias consumidoras fundada no 2001. Queremos acceder a produtos ecolóxicos, locais e de comercio xusto, obtidos na contorna, con criterios agroecolóxicos, respectando dereitos de persoas e animais, e cunha relación calidade-prezo equitativa.

ALIMENTACIÓN, BEBIDAS E AGRICULTURA.

CONTACTO

Enderezo: Rúa López Mora, 30, baixo.
Localidade: Vigo.
Provincia: Pontevedra.
CP: 36211
Tel: 986233497
Correo: info@arbore.org

http://www.arbore.org

COUSAS DA TERRA S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Xestión turística responsable, comercialización de produtos locais, ecolóxicos e de comercio xusto, servizos de formación en consumo responsable.

HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN.

CONTACTO

Enderezo: Rúa de San Pedro, 37.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15703
Tel: 673581685
Correo: info@cousasdaterra.org

https://www.facebook.com/cousasdaterra.org

ECOLOXISTAS EN ACCIÓN GALIZA

SOBRE NÓS

A Federación Ecoloxistas en Acción Galiza realiza campañas de sensibilización, denuncias públicas ou legais contra aquelas accións que danan o medio ambiente, ao tempo que artella alternativas concretas e viables en cada unha das áreas nas que desenvolve a súa actividade.

DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

CONTACTO

Enderezo: Rúa Juan Sebastián Elcano nº4, 5ºA.
Localidade: A Coruña.
Provincia: A Coruña.
CP: 15002
Tel: 637 558 347
Correo: galiza@ecoloxistasenaccion.gal

www.ecologistasenaccion.org/federaciones/galiza

FEITORÍA VERDE S. COOP. GALEGA

feitoríaverde
educación e participación socioambiental

SOBRE NÓS

Cooperativa de educación que entende os procesos pedagóxicos como accións de transformación social para colocar no centro as necesidades e o benestar das persoas e do medio. Educación ambiental e participación social que integra os procesos de xénero, diversidade afectivo-sexual e coidados.

EDUCACIÓN E FORMACIÓN.

CONTACTO

Enderezo: Proxecto Vagalume, 7, 1ºC.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15703
Tel: 698161760
Correo: feitoriaverde@feitoriaverde.com

http://www.feitoriaverde.com

ÍTACA SOFTWARE LIBRE S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Ítaca Software Libre é unha consultora informática que, apoiándose en sistemas de código aberto e software libre, ofrece servizos de consultoría informática de gran valor engadido a empresas e todo tipo de organizacións.

COMUNICACIÓN, IMAXE, TIC.

CONTACTO

Enderezo: Rafael Alberti, 15, oficina C.
Localidade: A Coruña.
Provincia: A Coruña
CP: 15885
Tel: 881888370
Correo: asierep@itacaswl.com

http://www.itacaswl.com

A PALLEIRA

Vivienda turística en Tronceda

A PALLEIRA TURISMO RESPONSABLE

SOBRE NÓS

Turismo responsable en Tronceda, Ourense. Construcción tradicional situada a 45 quilómetros da capital, nun pobo que conserva o aroma dos anos 60, cando foi abandonado.

HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN.

CONTACTO

Enderezo: Tronceda, 5.
Localidade: Castro Caldelas.
Provincia: Ourense.
CP: 32766
Tel: 650416860
Correo: cofrelaso@telefonica.net

http://www.troncedaapalleira.com

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

SOBRE NÓS

Asociación galega de cooperativas. Entidade representativa multisectorial de carácter empresarial e de fomento do cooperativismo. O seu obxecto é a defensa dos intereses socioeconómicos das cooperativas asociadas e a promoción do que contribúa a fomentar o seu prestixio.

DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

CONTACTO

Enderezo: Rúa do Hórreo, 104, baixo-esquerda.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15701
Tel: 981575578
Correo: mar@espazo.coop

http://www.espazo.coop

AIS
Asociación por un Interese Solidario
O PETO

AIS
O PETO

SOBRE NÓS

Asociación sen ánimo de lucro que promove unha forma solidaria de aforro e de investimento ético a través de microcréditos. Investimento non lucrativo de proxectos con rendibilidade social ou cultural e viabilidade económica. O modelo é autoxestionario e democrático.

FINANZAS E SEGUROS.

CONTACTO

Enderezo: Rúa da Rosa, 36.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15704
Tel: 654015294
Correo: ais_opeto@hotmail.com

https://opeto.wordpress.com/

ARTIGO 14 S. COOP. GALEGA

Artigo 14

COOPERATIVA XURÍDICA

SOBRE NÓS

Artigo 14 é a primeira cooperativa xurídica que se constituíu en Galicia e presta asesoramento xurídico profesional nas distintas áreas do dereito. O plantexamento ético das relacións xurídicas configúrase como a principal característica do despacho.

ASESORÍA E SERVIZOS XURÍDICOS.

CONTACTO

Enderezo: Rúa Fonte de Santo Antonio, 17, 1º D.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15702
Tel: 680592636
Correo: info@artigo14.es

https://artigo14.es

socias e socios
fiare banca etica
galiza

GIT GALIZA SUR E GALIZA NORTE DE FIARE BANCA ETICA

SOBRE NÓS

Grupos de persoas socias de Fiare Banca Etica en Galicia. Banco cooperativo sen ánimo de lucro ao servizo dunha economía real e sostible. Co noso compromiso gratuíto e voluntario damos vida aos Grupos de Iniciativa Territorial (GIT).

FINANZAS E SEGUROS.

CONTACTO

Correo: gitsfbegaliza@gmail.com

https://www.fiarebancaetica.coop/git/gl/galiza

COOP57 GALICIA

SOBRE NÓS

Coop57 é unha cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios que ten como obxectivo principal contribuír á transformación social positiva da nosa economía e da nosa sociedade. A súa función principal é o financianciamento de proxectos de economía social e solidaria.

FINANZAS E SEGUROS.

CONTACTO

Enderezo: Rúa do Hórreo, 104, baixo-esquerda.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15701
Tel: 673524739
Correo: galicia@coop57.coop

https://coop57.coop/gl/galiza

MAOS INNOVACIÓN SOCIAL, S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Cooperativa de traballo sen fins lucrativos que desenvolve o seu labor no ámbito cultural, fundamentalmente nos campos da Etnografía, a Xestión Cultural e a Comunicación.

CULTURA, OCIO E TURISMO.

CONTACTO

Enderezo: Rúa Tomiño, 24, entrechán.
Localidade: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.
CP: 15703
Tel: 6694474166
Correo: maos@maos.gal

https://maos.gal

XEDEGA, S. COOP. GALEGA

SOBRE NÓS

Asesoría convencional con moitos anos de experiencia. Departamento Contable, Fiscal, Laboral e Xurídico (6 persoas). A nosa filosofía é actuar dando aos nosos clientes un trato personalizado, acompañándoos e axudándoos na xestións das súas actividades empresariais, sempre desde a perspectiva da economía social.

ASESORÍA

CONTACTO

Enderezo: Avda. García Barbón Nº 32, Piso 2º Oficina 2
Localidade: Vigo.
Provincia: Pontevedra.
CP: 36201
Tel: 986430404
Correo: xedega@xedega.com

https://xedega.es/

XARDA, S. COOP. GALEGA

xarda

cooperativa galega de comunicación

SOBRE NÓS

Somos unha cooperativa de comunicación, xornalismo e audiovisual que cre nun xeito de informar máis xusto e máis cercano á sociedade. Centrámonos sobre todo na información xornalística, o vídeo-reportaxe informativo, a gravación de eventos e a subtitulación.

COMUNICACIÓN E XORNALISMO AUDIOVISUAL

CONTACTO

Enderezo: Avd Mahia, 103 Bloque 1 1ºD.
Localidade: Bertamiráns (Ames).
Provincia: A Coruña.
CP: 15220
Tel: 619583815
Correo: contacto@xarda.gal

http://xarda.gal/

SE BUSCAS MÁIS ENTIDADES ENTRA EN:

BEN MERCADO

BEN MERCADO · TENDA ONLINE ·

A tenda da Economía Social Galega

SOBRE NÓS

A tenda da economía social galega benmercado.gal acolle produtos e proxectos dunha crecente rede de entidades que respectan os principios da democracia e da igualdade. É o lugar onde facer un consumo consciente en internet.

DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

CONTACTO

Correo: tenda@benmercado.gal

https://benmercado.gal/market/gl/

mercado Social